

### **CIRCULAR 47/2016 (modificada a 7/06/2016)**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO DE GALICIA DE VETERANOS EN PISTA AO AIRE**

### **LIBRE**

Vilagarcía, 18 de Xuño 2016

**Art.1)** O día 18 de Xuño organizarase o Campionato de Galicia de Veteranos de pista ao aire libre nas pistas de Fontecarmona de Vilagarcía, organizado pola delegación da F.G.A. en Pontevedra.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas da citada categoría (que teñan cumpridos o día da competición 35 ou máis anos), que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 14 de Xuño do 2016.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións e o número de dorsal oficial da presente tempada.

**Art.4).** Deberán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do inicio da proba.

**Art.5).** Os tres primeiros atletas clasificados de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. **Caso contrario, non se fará entrega da medalla.**

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, agás a pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** O longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida.

**Art.8)** En tódalas carreiras, a confección de series realizarase en función das categorías



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



**Art.9)** Cada atleta só poderá inscribirse nun máximo de 3 probas. En probas de concursos será necesario acreditar unha marca, da tempada en vigor ou da anterior.

**Art. 10)** No caso de haber mellora nos concursos pasarán as oito mellores marcas independentemente da categoría e artefacto utilizado por cada atleta.

**Art.11)** Horario provisional (publicarase o horario definitivo o mércores 15 de xuño con as inscricións)

### **ANEXO CIRCULAR 47-2016: INCLUSIÓN NO CAMPIONATO DE GALICIA DE VETERÁNS DAS PROBAS DE 80 VALADOS MULLERES, MARTELO PESADO E RELEVOS**

XORNADA DE MAÑA				
		11.00	Martelo	H-M
			Pértega	H-M
400 valados	H-M	11.30		
100	Mulleres	11.40		
100	Homes	11.50	Disco 2,00	Homes
		12:00	Altura	H-M
1.500	Homes	12.10		
1.500	Mulleres	12.35		
110/100 v.	Homes	12.50		
100v	Mulleres	13.05	Disco 1,500-1	H-M
			Triplo	H-M
80v	Mulleres	13.10		
400	Mulleres	13.20		
400	Homes	13.35		
XORNADA DE TARDE				
800	Mulleres	17.00	Xavalina 800-700	Homes
800	Homes	17.15		
		17.30	Peso 5-4-3 kg	H-M
			Lonxitude	Homes
200	Mulleres	17.40		
200	Homes	17.55		
		18.10	Xavalina 600-500	H-M
5.000	M e H M50 e +	18.15		
		18.40	Peso 6-7,280 k	Homes
5.000	Homes M35-	18.45	Lonxitude	Mulleres



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



	M40-M45			
10.000 m.	Homes	19.10		
		19.20	Martelo Pesado	H-M
4x100	Mulleres	19.55		
4x100	Homes	20.05		
4x400	Mulleres	20.20		
4x400	Homes	20.30		

. \* Cada club podrá formar un equipo por categoría. Atletas de categoría superior podrán formar parte de un equipo de categoría inferior. Os relevos non computarán na limitación de probas

### SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras:	10min antes da hora oficial da proba
Carreiras valadas:	15min antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pértega):	30min antes da hora oficial da proba
Pértega:	45min antes da hora oficial da proba

\* Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

\* Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou guardada

No caso de que existan máis de 3 atletas interesados en participar nunha proba que non esté contemplada neste horario deben remitir un email á maior brevidade posible a [direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com) indicando a proba a engadir. Este poderá ter modificacións en función das inscricións recibidas finalmente. Asemade, está pendende te confirmación por parte da comisión delegada a inclusión das probas de relevos.

**Art.12)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

**Art.13)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 13 de Maio do 2016